



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 26 DE ABRIL DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e seis de abril de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez. Non asiste Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 18 de abril do dous mil once (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1.- Solicitud de Don Jose Maria Gonzalez Rodriguez con data RE 21 de marzo de 2011 N° RE 1408, relativo a concesion de lápida conmemorativa.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos asistentes conceder a colocacion da lápida conmemorativa a Don Jose Maria Gonzalez Rodriguez como titular do recibo pola taxa do uso do cemiterio, sen que en ningun caso o pago do mesmo implique ningun tipo de dereito de propiedade a favor do mesmo.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

“Solicitud de información urbanística interesada por **Don Diego Soto Escudero**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Aragón nº 91, 4º A, Vigo, con número de rexistro de entrada 1810. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 13.04.11.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Ramon Otero Pedrayo nº 2 (Ref. Catastral 04219/07), a solicitude de **Don Diego Soto Escudero**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Valedor do Pobo con data RE 7 de abril de 2011 N° RE 1753, relativo a saber cantas Placas ou Lapidas evocativas existen no Concello de Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes comunicalle que actualmente o persoal disponible no Concello é insuficiente para realizar este tipo de comprobacións, dada a enorme carga administrativa e os poucos medios humanos para desempeñar estas funcións.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **Don Oscar Filgueira Feijoo en representación de GALICIA AUTOESTAMPACION S.A.U.**, con domicilio no lugar de Parque Empresarial de Ribadavia, San Cristobal, en virtude da instancia nº 333 de data 20 de decembro de 2010, solicitando licenza municipal para o Proxecto técnico de Ampliación de nave industrial nun inmovible sito no Parque Empresarial de Ribadavia vial nº 3, San Cristobal, actividade comprendida no Decreto 133/2008 polo que se regula a Evaluación de Incidencia Ambiental, RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.- Visto o Decreto nº 133/2008 e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de goberno local acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por Don Oscar Filgueira Feijoo en representación de GALICIA AUTOESTAMPACION S.A.U., para o Proxecto técnico de Ampliación de nave industrial, nun inmovible sito no Parque Empresarial de San Cristobal, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Decreto e disposicións complementarias.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2º.- Dar traslado do expediente completo o Servicio de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, aos efectos de que se emita por este Organismo o correspondente informe.

APROBACIÓN CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta presentada polo Concelleiro de Cultura e Deportes relativo a aprobación do contrato administrativo especial para a adxudicación de “*Instalación, explotación e mantemento de maquinas expendedoras nas instalacións deportivas municipais*”. Sen perxuício de que no artigo 122 da LCSP permita contratar directamente cun empresario considerouse oportuno polo Concelleiro o envío a tres empresas interesadas na prestación do servizo dun prego de prescripcions no que se regulasen detalladamente as características da prestación a realizar.

No expediente constan os seguinte elementos:

- Pregos de prescripcions técnicas de data 5 de abril de 2011.
- Informe de Secretaria de data 26 de abril de 2011.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros:

1. A aprobación do prego de prescripcions técnicas e o seu envío as empresas correspondentes para presentación das súas propostas para a posterior adxudicación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.